

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

Persoal, oposicións

CONCURSO DE TRASLADOS PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE “XEFA/A DA OFICINA DE XEFATURA” DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

Concurso de traslados para a provisión do posto de “Xefa/a da Oficina de Xefatura” da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

ANUNCIO

Con data 17.03.2023 a Vicepresidencia, resolveu:

Primeiro.- Convocar concurso ordinario para a provisión do posto “Xefa/e da Oficina Xefatura” (código 400.02 da vixente RPT).

Segundo.- Aprobar as bases do concurso ordinario para a provisión do posto de “xefe/a Oficina Xefatura” da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, que figuran no ANEXO desa resolución.

Terceiro.- Ordenar a publicación dun extracto das Bases no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello de Vigo, expedientes da Xerencia Municipal de Urbanismo (taboleiro da sede electrónica deste Concello), así como a publicación completa na páxina WEB municipal (ofertas de emprego da Xerencia Municipal de Urbanismo).

Cuarto.- Informar que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Administración municipal ou, no prazo de dous meses, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

EXTRACTO DAS BASES PARA O CONCURSO DE TRASLADOS PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE “XEFE/A OFICINA XEFATURA” da XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO (expediente 15322/407).

I.- Identificación do posto.(posto 400.02).

- Código: 400.02.
- Denominación: Xefa/e Oficina Xefatura.
- Localización: Xefatura de Urbanismo.
- Complemento de destino: 22.



Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

- Complemento específico: 13.486,62 euros (código 320).
- Grupo/subgrupo, Escala, Subescala: C1, Administración xeral, Subescala administrativa.
- Titulación requirida: Bacharelato superior, FP II ou equivalente.

II.- Requisitos necesarios para participar na convocatoria.

Funcionarios/as incluídos/as no Subgrupo C1 de titulación coa categoría de administrativo/a de administración xeral, que contén cunha antigüidade mínima na praza de dous anos e titulación de bacharelato superior, FP2 ou equivalente, segundo a normativa vixente. Os requisitos e os méritos alegados posuiranse o día no que conclúa o prazo de presentación de solicitudes.

III.- Baremo de méritos.- Estará integrado polos seguintes méritos avaliábeis:

1. Coñecemento do posto ao que se opta.
2. Grao persoal.
3. Antigüidade.
4. Cursos de formación e perfeccionamento.
5. Titulacións académicas.
6. Coñecemento do idioma galego.

IV.- Publicación completa das bases.

As bases completas e os sucesivos anuncios publicaranse na páxina web municipal, www.vigo.org, ofertas de emprego da Xerencia Municipal.

V.- Forma, prazo e lugar de presentación das solicitudes.

1. Forma de presentación: As solicitudes para a participación no Concurso presentaranse segundo modelo do ANEXO I das Bases.

2. Prazo de presentación: Quince días hábiles contados a partir do seguinte o de publicación do extracto da convocatoria no BOP e no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello de Vigo, expedientes da Xerencia Municipal de Urbanismo (taboleiro da sede electrónica).

3. Lugar de presentación: A solicitude deberá presentarse no Rexistro Electrónico da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Vigo, na data da sinatura electrónica

María José Caride Estévez, VICEPRESIDENTE (Resolución de 11.07.2019)

